



CONCELLO DE NARÓN

NARÓN

Datos Do Expediente:

AYT/PLE/19/2019		
Unidade Tramitadora:		
Órganos de Goberno e Central – MCCR		
Número expediente:	Documento:	
AYT/PLE/19/2019	GOB13I0LB	
0C5R6W5A5N3U6A411771		

DON ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANELI, O SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE NARÓN

CERTIFICA: Que o Concello Pleno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día vinteito de novembro de dous mil dezanove, adoptou entreoutros, o acordo seguinte:

4º.- PROPOSTA DE DITAME DE CONVALIDACIÓN E APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS QUE HA DE REXER O CONTRATO DO SERVICIO DE RECOLLIDA DE R.S.U E LIMPEZA VIARIA. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Concello pleno de Narón na sesión celebrada o tres de setembro de 2018 acordou incoar o expediente de contratación denominado “Servizos de recollida de residuos sólidos urbanos e de limpeza viaria no Concello de Narón”, sobre a base do informe xustificativo elaborado polo funcionario responsable dos servizos externos municipais, así como ordenar a redacción e posterior incorporación ao devandito expediente de cantos informes legalmente resultasen precisos, mesmo dos pregos reguladores do mesmo.

Xa naquel acordo plenario:

- incorporábase una referencia ao modo xestor vixente nos derradeiros vinte e cinco anos;
- dábase conta do informe-auditoría sobre a avaliación e estado de situación do servizo prestado, elaborado igualmente polo técnico municipal anteriormente sinalado, na súa condición de interventor da concesión, ex. articulado do prego regulador daquel proceso; e
- explicábase a realización de diversos trámites preparatorios e previos á efectiva incoación do expediente, tendentes a clarificar a oportuna clasificación do contrato a celebrar, e a aportación da documentación precisa para tal fin (estrutura de custos, prescripcións técnicas e administrativas, anteproxecto de explotación, etc.).

Afirmábase así mesmo naquel intre a concorrenza de dúas circunstancias que supuxeron na práctica o remate do prazo da concesión do servizo sen contar cunha nova adxudicación daquel, (estudo da súa posible mancomunización e promulgación dun novo texto normativo que alterou notablemente o réxime xurídico aplicable ás prestacións examinadas); para concluir aprobando – como xa se sinalou anteriormente - o inicio da tramitación do expediente contractual.

A tal fin e contando, en atención á complexidade do contrato, con asesoramento especializado externo, elaboráronse modelos de pregos de natureza administrativa e técnica que foron dados a coñecer á veciñanza a través da aplicación de participación cidadá *naronparticipa.es*, recolléndose ata un total de trinta e sete alegacións/suxerencias presentadas por nove participantes, na plataforma citada, no propio rexistro municipal, e no correo electrónico da Concellería de Servizos. Revisadas as mesmas e emitido informe polo funcionario responsable foron incorporadas ou rexeitadas en base á argumentación obrante no expediente; evacuándose igualmente os informes técnicos, económicos e xurídicos legalmente esixibles, e elaborándose os pregos meritados, posteriormente avalados polo persoal funcionario desta administración.



CONCELLO DE NARÓN

NARÓN

Posteriormente na sesión plenaria de 28 de marzo de 2019, prestouse aprobación: (I) ao expediente de contratación do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria, tramitado mediante procedemento aberto, oferta economicamente más vantaxosa, con varios criterios de adxudicación e suxeito a regulación harmonizada; (II) aos pregos de prescripcións técnicas e administrativas particulares que rexerían o contrato do servizo de recollida de RSU e limpeza viaria; e (III) aos custos precisos para a finalidade perseguida; ordenándose igualmente a publicación no Diario Oficial da Unión Europea e perfil do contratante, do anuncio que daría iniciación ao procedemento licitatorio.

Remitido e publicado que o foi o anuncio reseñado no DOUE, publicitouse así mesmo, o 11 de abril do corrente, na plataforma de contratación do sector público (anuncio de licitación e pregos).

Durante o período licitatorio, cinco mercantís presentaron as correspondentes ofertas; interpoñéndose ante o Tribunal administrativo de Contratación Pública da CCAA de Galicia – en adiante TACGAL-, tres recursos especiais en materia de contratación pública por parte de D. Marcos López Balado en nome e representación do Partido Popular de Narón -RE 107-; D. Alfonso Casal Pita, en nome e representación da Coalición de electores Eliximos Narón -RE 112-; e por D. Felipe Balboa Fernández, na súa condición de Secretario de Organización da *Federación Nacional de Empleadas y Empleados de los Servicios Públicos FESP-UGT Galicia* - RE 117-.

Por resultar incluídos no expediente da súa razón, dáse por coñecido o contido dos referidos recursos.

O 9 de maio de 2019, á vista da expresa petición formulada polo alegante, Sr. López Balado, o TACGAL acordou adoptar a medida cautelar de suspensión da contratación do servizo, ainda que non suspendía o prazo de presentación de ofertas (Resolución Medida Cautelar nº 63/2019).

Posteriormente, o 27 de maio de 2019, o devandito Tribunal dita resolución (118/2019) na que conclúe a estimación parcial dos recursos interpuestos polos representantes dos grupos políticos precitados; así como a desestimación do presentado pola Federación anteriormente sinalada; izando a suspensión do prazo de presentación de ofertas.

Sinala o Tribunal administrativo na resolución antedita, e aos efectos que nos atañen, o seguinte:

- “.... *En todo caso o certo é que o propio informe do Concello sinala que “en calquera caso o convenio colectivo aplicable sería, loxicamente, o de empresa subscrito pola entidade adxudicataria do contrato”, argumento que contradí a literalidade do prego e que fundamenta xa a súa anulación, por incumprir o deber de transparencia necesario en toda licitación pública...*”
- “...*En consecuencia só podemos concluir que non consta no expediente remitido a este Tribunal que se dese cumprimento ao esixido no artigo 9.7 do RD 55/2017. Así, non consta o preceptivo informe a efectuar, nesta Comunidade Autónoma, pola Xunta Consultiva de contratación administrativa de Galicia, o cal determina xa de por si a anulación da cláusula impugnada...*”
- “.... *Ademais, tampouco se pode dar por cumplido o obrigado trámite de información pública da estrutura de custos previsto no mesmo artigo, posto que o proceso de alegacións e suxestións referido no informe do órgano, como aí se indica, únicamente incorporou os pregos e o acordo plenario de 3 de setembro de douce mil dezaoito...*”

Como queira que da resolución anteriormente citada e dos parágrafos transcritos, acredítase a apreciación polo Tribunal da existencia de vicios determinantes da invalidez do actuado,



CONCELLO DE NARÓN

NARÓN

procedeuse á inmediata subsanación e convalidación da omisións segunda e terceira anteriormente citadas, a cuxo fin, o Concello de Narón: - *en base ao disposto no artigo 9 do Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, (que establece o procedemento para a revisión periódica e predeterminada dos prezos nos contratos do Sector Público distintos aos contratos de obras e aos contratos de subministro de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas; e regula, no seu apartado 7, as especificidades do procedemento nos supostos de contratos de prezo igual ou superior a 5.000.000 €, previndo que a proposta de estrutura de custos, desenvolvida polo órgano de contratación sexa remitido ao Comité Superior de Precios del Estado ou órgano autonómico consultivo en materia de contratación pública, no seu caso) -*

1º.- Someteu a información pública a proposta de estrutura de custos deste expediente, mediante anuncio no boletín oficial da provincia de A Coruña, nº 107, do sete de xuño de dous mil dezanove, polo prazo de vinte días, de acordo co preceptuado no artigo 9.7.c) do Real Decreto anteriormente citado.

Cabe facer constar neste momento que, dentro do citado prazo de exposición pública, foron presentadas dúas alegacións, (por parte de D. José María Pérez Carro e unha segunda a cargo de D. Alfonso Casal Pita) quasi idénticas e coa mesma base argumentativa, que foron rexeitadas mediante acordo do Concello Pleno de Narón, de 24 de xullo de 2019;

e

2º.- Remitiu, en cumprimento do acordado na sesión plenaria citada no parágrafo anterior, á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia, a proposta de estrutura de custos obrante no expediente seguido, co fin de obter o preceptivo informe dese organismo, en cumprimento do disposto na letra d) do tantas veces citado artigo 9.7 do RD 55/2017; informe que resulta efectivamente evacuado por esa entidade o pasado 8 de outubro de 2019, e no que conclúa que a estrutura de custos presentado polo Concello de Narón, cumpre co sinalado no artigo 9 do RD antedito.

Procede pois neste intre ofrecer cabal cumprimento á derradeira esixencia derivada da Resolución 118/2019 do TACGAL, de anulación da mención convencional recollida na cláusula 11, do PCAP, que literalmente dicía:

Ip= Ipt/Ipt-I: variación de los costes salariales pactados en el Convenio colectivo do centro de traballo da sociedade Urbaser S.A. na súa actividade de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza pública viaria do Concello de Narón. Si dicha variación fuera superior al incremento experimentado por la retribución del personal al servicio del sector público conforme a las Leyes de Presupuestos Generales del Estado (PGE), se tomará este último índice como referencia.

Convalidando así mesmo a fórmula polinómica de revisión de prezos.

A tal fin:

- (I) Visto o informe emitido polo xefe do departamento de contratación.
- (II) En atención ao disposto polo artigo 52 de la Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que literalmente di:
 1. *La Administración podrá convalidar los actos anulables, subsanando los vicios de que adolezcan.*
 2. *El acto de convalidación producirá efecto desde su fecha, salvo lo dispuesto en el artículo 39.3 para la retroactividad de los actos administrativos.*
 3. *Si el vicio consistiera en incompetencia no determinante de nulidad, la convalidación podrá realizarse por el órgano competente cuando sea superior jerárquico del que dictó el acto viciado.*



CONCELLO DE NARÓN

NARÓN

4. Si el vicio consistiese en la falta de alguna autorización, podrá ser convalidado el acto mediante el otorgamiento de la misma por el órgano competente.

(III) vista a STS de 4 de maio de 2004 (Roj STS 2974/2004) que sinala,

El instituto de la convalidación, que constituye una excepción a la declaración de anulabilidad de los actos administrativos, pretende la subsanación de los defectos de los que adolezca el acto administrativo que no incurra en causa de nulidad de pleno derecho mediante la emisión de un acto convalidatorio que depure los vicios de anulabilidad.

Según refiere esta Sala en la sentencia de 31 de diciembre de 2003 (RC 1126/2000) el ordenamiento jurídico reduce al máximo la invalidez por irregularidades formales y restringe su efecto anulatorio sólo a aquéllas que impedirían alcanzar la finalidad del acto o producir indefensión de los interesados (artículo 48.2 de la Ley de Procedimiento Administrativo). Ello determina que se confiera a la Administración un amplio poder de convalidación de los actos anulables, subsanando los vicios de que adolezcan (art. 53.1)

(IV) Vista a proposta de nova redacción da precitada cláusula, elaborada pola mercantil adxudicataria do contrato de asistencia técnica deste contrato, que literalmente transcrita di:

Ip= Ipt/Ipt-1: variación de los costes salariales pactados en el convenio sectorial de aplicación o, en su defecto, en el convenio o pacto de ámbito inferior a éste que detallara las tablas del salario a percibir. Si dicha variación fuera superior al incremento experimentado por la retribución del personal al servicio del sector público conforme a las Leyes de Presupuestos Generales del Estado (PGE), se tomará este último índice como referencia.

(V) Vista a consulta evacuada ante a plataforma de contratación pública do sector público, incorporada ao expediente.

Visto o ditame favorable por maioría (cos tres votos en contra dos representantes do PP; a abstención do membro do BNG e os votos a favor de TEGA -5- e PSdeG-PSOE -2-) da comisión informativa de contratación, persoal e especial de contas do 21 de novembro de 2019, o seu presidente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Convalidar, ao amparo do disposto polo artigo 52 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o acordo de fixación da fórmula polinómica de revisión de prezos incluída no Prego de Cláusulas Administrativas que deben rexer o contrato para a prestación dos servicios de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria no Concello de Narón.

SEGUNDO.- Prestar aprobación ao prego de cláusulas administrativas particulares, que incorpora a subsanación da fórmula viciada, en cumprimento da resolución 118/2019 do Tribunal administrativo de contratación da CCAA de Galicia; deixando sen efecto o PCAP aprobado polo Concello na sesión celebrada o 28 de marzo de 2019.

TERCEIRO.- Publicar no Diario Oficial da Unión Europea e perfil do contratante, anuncio que iniciará o procedemento licitatorio, coa apertura dun prazo de 35 días, contado dende a data de envío do anuncio ao devandito Diario Oficial, para que os interesados poidan presentar as súas proposicións.

CUARTO.- Comunicar ás empresas con ofertas presentadas, a non modificación da configuración dos sobres (posto que non se altera ningún requisito de participación, nin criterios de adxudicación), podendo por ende manter ou presentar novas ofertas durante o prazo de presentación que se aperturará, tras a publicación dos preceptivos anuncios recollidos no punto segundo deste acordo.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

TEGA: A favor 9

PP: En contra 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: Abstencíons 2

E para que conste e surta efectos, esténdese a presente certificación, facéndolle constar que a acta onde se recolle o acordo anterior está pendente de aprobación, Narón, 29 de novembro de 2019

V.e pr.